

Edita

Departamento de Educación e Cidadanía
Concello de Santiago

Concelleiro de Educación e Cidadanía
Manuel Dios Diz

Coordinador da colección

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

Texto

Encarna Otero Cepeda (2006)
Consello da Cultura Galega - Álbum de Mulleres
/culturagalega.org.
Ánxel Casal. Álbum Irmandades da Fala

Imprime

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.



María, unha etapa de dor, de sufrimento.
Intentará por todos os medios manter con
vida a Ánxel Casal, mais el, como moitos



Luis Seoane e a súa
muller Maruxa

homes e mulleres, vai ser
brutalmente
asasinado nunha
gabia en Cacheiras
na noite do 18 ao
19 de agosto. María
vive unha curta
temporada na
Coruña na casa dos
Casal arranzando os
papeis para exilarse e
recompilando e gardando todos os
obxectos persoais, fotografías e
correspondencia que poden aínda
conservar a lembranza, o amor e a
complicidade de Ánxel Casal.

No mes de novembro de 1936, como
outras moitas mulleres, chea de dor e
vestida de negro, embarca vía Lisboa,
rumbo a Bos Aires, onde ten parte da súa
familia emigrada. Cando chega alí
consegue convivir co seu sufrimento
e retomar

a súa
profesión,
conservando
así a súa

A familia Díaz
Pardo na horta
da casa da
Tumbona na rúa
das Hortas en
Compostela
(1924)



independencia económica. Volve ser
modista, mais a súa agulla e as súas teas
nunca van ter a alegría e a ilusión da súa
vida en Galicia. Algúns anos máis tarde casa
cun curmán, Pedro Miramontes, que residía
na mesma casa na que ela vivía. Mais as
súas conversas e a súa vida estaban máis
vinculadas á familia Seoane: con Rafael, con
Maruxa e con Luís podía falar de
Compostela, do Estatuto, da esperanza dun
país novo cun pobo libre e, sobre todo, podía
falar, evocar e chorar a memoria de Ánxel
Casal, home, compañeiro, amigo, amante
que por sempre permaneceu no seu corazón.
María morreu o 17 de setembro de 1964 na
capital porteña. Os seus ollos pecháronse,
pero xa non tiñan luz desde aquel 18 de
xullo de 1936 en que a barbarie e o sangue
a deixaran cega. O xornal *A Nosa Terra* de
Bos Aires publicou en marzo de 1965 unha
nota necrolóxica escrita por Maximino
Brocos (pseudónimo de Luís Seoane). Mais
a partir deste momento o silencio e o
esquecemento fixeron de María Miramontes
unha muller inxustamente invisibilizada.

Bibliografía

DUBY, G., PERROT, M. (Coord.), *Historia de las mujeres*.
El Siglo XX. Tomo V, Madrid, Taurus. 1990.

PEREIRA, D. (Coord.), *Os conquistadores modernos*.
Movemento obreiro na Galiza de anteguerra, Vigo,
A Nosa Terra, 1992.

FREIRE LESTÓN, X. V., *Lembranzas dun mundo esquecido*.
Muller, política e sociedade na Galiza Contemporánea,
Santiago de Compostela, Laiovento. 1993.

ÁNCEL CASAL. catálogo da exposición celebrada na galería
Sargadelos no ano 2003.

PÉREZ LEIRA, L., «María Miramontes», en *Galegos na Arxentina*.
Unha ollada fotográfica, Vigo, FESGA, 2006, p. 89.

**BIBLIOGRAFÍA DE
MARÍA MIRAMONTES**



ALONSO MONTERO, X., «Centenario de Ánxel
Casal», *La Voz de Galicia*, (3-9-1995).

«Ánxel Casal na memoria», *Revista do IFP*
Monte Alto, 1 (curso 1995-1996) p. 36-42.

«Ánxel Casal, editor e galeguista», *A Nosa Terra*,
700 (16-11-1995).

BROCOS, M. (pseud. de SEOANE, L.), «María
Miramontes e Ramón Suárez Picallo», *A Nosa*
Terra, (marzo, 1965).

DÍAZ PARDO, I., *Galicia hoy y el resto del mundo...*,
2ª ed., Sada, Edicións do Castro, 1991,
(Documentos; 41).

DOBARRO PAZ, X. M. e VÁZQUEZ SOUZA, E., *Ánxel*
Casal (1895-1936): Textos e documentos, Sada,
Edicións do Castro, 2003.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F., *Ánxel Casal e o libro*
galego, Sada, Edicións do Castro, 1983,
(Documentos; 7).

MANUEL MARÍA, «O centenario de Ánxel Casal»,
El Correo Gallego, (10-11-1995).

«MIRAMONTES MATOS», en *Repertorio do exilio*
galego, Santiago de Compostela, Arquivo da
Emigración Galega, 2001
(<http://www.consellodacultura.org/meidateca/pubs.pdf/exilio.pdf>).

Monterroso Devesa, J. M., «O que nos contam os
primeiros documentos de Ángelo Casal», *Agalia*,
44 (inverno de 1995), p. 469.

«O chapeu de María Miramontes: a financiación
da imprenta Nós e a falsa historia da modista»,
A Nosa Terra, 1187 (4/8-08-2005).

VÁZQUEZ SOUZA, E., «Unha CALA admirativa
na biografía de María Miramontes», *A Trabe*
de ouro, IV, 40, (outubro, novembro, decembro
de 1999), p. 41-60. (que se recolle en *Desta beira*
do Leteu : Artigos de Literatura, Historia e
Sociedade desde o esquecemento, Santiago de
Compostela, Laiovento, 2004.

VÁZQUEZ SOUZA, E., *A Fouce, o hórreo e o prelo*.
Ánxel Casal ou o libro galego moderno, A Coruña,
Edicións do Castro, 2003.



Foto do Grupo de Teatro en 1918. María Miramontes está
entre as mulleres sentadas, é a terceira comezando pola
esquerda. Fonte: arquivo familiar Varela Bao

MARÍA MIRAMONTES

Unha das defensoras
do Estatuto do 36

Encarna Otero Cepeda





MARÍA MIRAMONTES,
activista e intelectual galega.

(É A POSICIÓN EN MEDIA ESPIRAL DA COSTUREIRA QUE NOS DÁ NOME). /
A AGULLA DE MARÍA MIRAMONTES / ABRIUNOS UNHA VENTÁ / DE TEAS DOURADAS /
E SOÑOS NO PRELO / ESCURA / NA FOTO / PESPUNTOU ANDORIÑAS / QUE NON EXILIARON /
FICARON / NA TERRA / CORTANDO FIOS / CO PETEIRO / BROCADOS AZUIS E BRANCOS /
CANTOS DE LIBERDADE / NA FRONTE

Antía Otero

María de los Dolores Miramontes Matos naceu en Santa María de Guísamo (Bergondo–A Coruña) o 6 de abril do ano 1895. Os seus pais, Vicente e Antonia, xornaleiros, van vivir á Coruña a comezos do século XX. Nesta cidade, María comeza



a traballar con 11 anos nun obradoiro de costura, onde aprendizaxe e labor van xuntos e onde comeza a súa formación como modista. Na Coruña destes anos teñen lugar as grandes folgas de consumos, protagonizadas polas mulleres (1886-1901-1903). Esta cidade tamén ten unha fonda tradición republicana que se evidencia na súa vida cultural e no seu comportamento político; asemade, na Coruña xermola o



Bandeira Republicana

pensamento nacionalista e galeguista en lugares como a Cova Céltiga. María Miramontes, moza esperta, intelixente e aberta, edúcase en todo este mundo e así frecuenta os núcleos republicanos na compañía de Elvira Bao, Pilar Castro, Amparo López Jean e, moi nova aínda, milita nas Irmandades da Fala, entidade que vai chegar a ter máis de 200 socias. María estará na súa Xunta



Directiva. Seguramente, nestes ambientes republicanos, progresistas e galeguistas coñece ao home co que vai compartir vida,



Carné de afiliada ás Irmandades da Fala de Antonia Pardo, nai de Isaac Díaz Pardo. A Coruña, 1918

pensamento, ilusión, esperanza, amor e militancia; mais tamén sufrimento e morte: Ánxel Casal.

Con el casa en setembro de 1920, con el instálase no número 9 da Rúa Panadeiras e alí mesmo abren os dous en sociedade económica conxunta un pequeno comercio de venta de teas. Os ingresos cativos desta actividade fan que María se dedique tamén á súa profesión de modista mentres que Ánxel completa a economía con clases de francés e traducións. A parella non só mantén a súa vida en común senón que alimenta economicamente iniciativas múltiples do nacionalismo e da cultura de



Alumnado das escolas de ensino galego na Coruña.

Galicia: as Irmandades da Fala, a editorial Lar, despois a editorial Nós e unha escola aberta e popular con ensino bilingüe e educación progresista e laica inspirada



Publicacións da Editorial Lar con deseños de Camilo Díaz Baliño)

na Institución Libre de Enseñanza, para así facer que os nenos e nenas das clases traballadoras poidan aprender e formarse no coñecemento e amor por Galicia.



Cabeceira da revista Nós deseñada por Castelao

vaina deixar física e psiquicamente destruída, xa que non poderá ter máis fillos. Con valentía e tesón afronta esta situación e de



Agrupazón republicana de mulleres da Coruña, nos salons do Cocollo de Santiago, está Ánxel Casal, Alcalde e María Miramontes

novo o traballo como modista e a militancia fan dela a muller responsábel, cariñosa e valente que sempre foi.



Cabeceira do xornal A Nosa Terra

A proclamación da República o 14 de abril de 1931 faille vivir, xunto con Ánxel, días de esperanza e de ilusión na cidade da Coruña. Aos poucos meses deciden trasladarse a Compostela por motivos económicos e políticos: estar máis preto do Seminario de Estudos Galegos, xa que a Editorial Nós publicaba todas as obras desta institución e talvez, cavilando que nos novos tempos, pensan que Santiago pasaría a ser a capital de Galicia. Cando no mes de decembro deste 1931 nace o Partido Galeguista, María, xunto a Genoveva Casal e outras mulleres, non moitas, traballa a prol de convencer ao pobo de Galicia, e moi especialmente ás mulleres, da necesidade que Galicia ten de dotarse dunha forza política propia.

Seguramente non foi doado para María atopar clientela para o seu traballo como modista xa reputada entre as damas da «boa sociedade compostelana», mais é ben certo



Ánxel Casal



Debuxo de Francisco Vázquez Díaz, «Compostela» do baile do Casino de Santiago, 1936 da colección «Compostela, berros, oficios, servicios, cerimonias e sucedidos, 1935-1936»

que a súa habilidade coa agulla e a tesoir, a súa capacidade creativa cos patróns e as teas, van romper esa barreira e nos bailes do Casino, nos actos institucionais da sociedade compostelana, nos actos universitarios do Paraninfo, a roupa que crea María ten sona do bon facer.

A súa xornada laboral, case sen fin, compatibilizaa coa súa militancia política e coa súa participación nas tertulias da Editorial Nós, onde seguramente cose e fala ao mesmo tempo. Mais a súa preocupación está nas mulleres e no convencimento de que, dentro do Partido Galeguista, ten que



Ánxel Casal (terceiro pola dereita), no acto de entrega do Estatuto galego nas Cortes, o 18 de xullo de 1936. María Miramontes entre López Bouza e Ánxel Casal

haber unha organización propia feminina. Así, no ano 1933, nun 25 de xullo, Día da Patria, un grupo de mulleres militantes do Partido Galeguista, entre as que está María, asina un chamamento público dirixido a todas as mulleres para que tomen conciencia dos valores galegos. Esta sorte de manifesto verá a luz pública o 3 de agosto no xornal La Razón de Lalín e 3 días despois en A Nosa Terra. Coincidindo coa publicación deste chamamento, neste último xornal créase unha sección fixa dedicada ás mulleres, titulada «O recanto da muller».

María vai participar activamente na campaña de apoio ao Estatuto que se vai referendar o 26 de xuño de 1936. O 17 de xullo Ánxel Casal facía entrega do Estatuto de Galicia, xunto a toda a Comisión designada para esta función, ao Presidente das Cortes e ao Presidente da República. O 18 de xullo ten lugar a sublevación militar franquista. O día 20 de xullo, Ánxel Casal, que acababa chegar de Madrid, faise cargo da alcaldía e ponse ao fronte do Comité Republicano de Santiago. Ese mesmo día, ás 12 da noite, a autoridade militar obríga a ceder o mando. María e Ánxel vanse a Vilantime (Arzúa), aldea da familia de Ánxel Casal. O martes 4 de agosto, tras ser delatado por un veciño, Ánxel foi detido e conducido á cadea de Santiago, “a falcona”. Comeza así, para



Ánxel Casal e María Miramontes